



Descrición da competencia: 2. Colaborativa



Nivel de subcompetencia		Subcompetencias					
		O traballo cos compañeiros/as		O traballo cos compañeiros/as		O traballo cos compañeiros/as	
Categoría		Evidencias		Evidencias		Evidencias	
Básico	Habilidades	Traballo en colaboración cos meus compañeiros/as, compartindo a aprendizaxe profesional para mellorar o noso rendemento?		Interacción cos estudantes de maneira efectiva, utilizando as súas achegas para identificar onde podo mellorar o meu ensino?		Traballo con aqueles que non son os meus compañeiros/as directos para promover a educación e o benestar dos meus estudantes?	
	Conhecimentos	Busco o apoio de colegas para desenvolver as miñas habilidades profesionais?		Traballo con outros compañeiros/as para identificar as necesidades dos estudantes?		Establecín relacións positivas cos pais ou titores dos meus estudantes?	
	Actitudes	Sei onde buscar apoio e consello para axudar a resolver problemas e satisfacer as miñas necesidades de desenvolvemento? Entendo como se estruturan as actividades de formación dentro do meu departamento e o meu centro? Estou aberto a compartir as miñas preocupacións sobre a miña práctica profesional con outros compañeiros/as? Estou disposto a traballar con outros para resolver problemas e obter mellores resultados educativos?		Entendo o valor das opinións e contribucións dos estudantes para mellorar a miña práctica docente? Son consciente das estruturas dentro do meu establecemento que axudan a identificar e apoiar as necesidades dos estudantes? Estou disposto a ser un oínte activo e interesarme polo meu alumnado? Estou disposto/a a ser unha voz para os meus alumnos?		Entendo todas as estruturas e organizacións que apoian o meu traballo e o doutros no centro? Son consciente do apoio dispoñible na comunidade educativa para axudarme no meu desenvolvemento como docente? Estou disposto a buscar e traballar con outras persoas máis aló da miña aula ou departamento para desenvolverme e mellorar os resultados do meu alumnado?	
Competente	Habilidades	Son capaz de recoñecer capacidades e limitacións (tanto individual como colectivamente) para clarificar o que é alcanzable ao establecer metas e plans de acción compartidos? Presento e participo en debates sobre temas educativos, apoiando aos compañeiros/as, ofrecendo consellos e ideas sobre as miñas propias experiencias?		Axudo aos estudantes con diversas necesidades e de diferente orixe a tomar conciencia das súas fortalezas e debilidades e axudarlles a progresar como membros do equipo? Modelo actitudes, valores e comportamentos positivos e son capaz de establecer un ambiente seguro e estimulante para que os estudantes expresen os seus puntos de vista baseadas no respecto mutuo?		Son capaz de tomar a iniciativa, cando sexa necesario, ao traballar con outros membros da miña comunidade de aprendizaxe? Utilizo o meu coñecemento da comunidade educativa para mellorar a miña práctica docente e a dos meus compañeiros?	
	Conhecimentos	Sei como traballar con outros de forma constructiva e son capaz de dar e recibir consellos? Podo buscar evidencias, sacar conclusións e tomar decisións, usando diversas fontes como os resultados da aprendizaxe, a avaliación externa ou as avaliacións e opinións doutros compañeiros/as?		Son consciente de diferentes tipos de tarefas e actividades para permitir que os estudantes traballen en colaboración como parte do proceso de aprendizaxe? Son consciente das técnicas para crear un ambiente seguro e estimulante para que o alumnado exprese os seus puntos de vista e baseadas no respecto mutuo?		Tenho unha boa comprensión de todos os aspectos da comunidade educativa máis ampla, incluídos os recursos dispoñibles e os posibles asociados e axencias? Sei establecer relacións positivas con todos os axentes da comunidade educativa?	
	Actitudes	Acepto a importancia de colaborar no desenvolvemento do meu propio camiño profesional?		Estou disposto a transferir ó meu alumnado a responsabilidade da súa propia aprendizaxe? Estou preparado para apoiar a todos os estudantes, incluíndo aqueles con necesidades diversas?		Estou disposto a comprometerme con persoas dun conxunto diverso de antecedentes para avanzar no traballo da comunidade de aprendizaxe?	
Avanzado	Habilidades	Responsabilizome de mellorar o meu ensino a través de actividades de formación continua, respondendo ó doutros compañeiros, e buscando consello experto cando sexa necesario? Podo apoiar a outros compañeiros para que participen nos mesmos procesos de ensino, a través do meu propio modelo e utilizando estratexias de apoio se é necesario?		Creo e manteño unha comunidade de aprendizaxe na miña clase onde se aborda o potencial de aprendizaxe de cada alumno/a? Debo explicar ao meu alumnado a importancia da aprendizaxe continua e dar exemplo coa miña formación continua?		Promovo as relacións interpersoais enraizadas nos principios da democracia e a participación dentro da comunidade de aprendizaxe e, ao facelo, fomento un clima positivo? Tomo a iniciativa, cando é necesario, ao traballar en colaboración para promover os obxectivos da nosa comunidade de aprendizaxe?	
	Conhecimentos	Son consciente dos sistemas que me permitan apoiar a outros docentes de maneira efectiva? Son coñecedor dunha ampla variedade de formas de traballar en colaboración?		Entendo a importancia da aprendizaxe continua para aqueles con quen traballo, xa sexan alumnos/as ou docentes? Sei como axudar a construír unha comunidade de aprendizaxe sostible na miña clase e no meu centro?		Sei como involucrar a unha ampla gama de persoas para crear unha comunidade de aprendizaxe? Sei como fomentar unha cultura de confianza e respecto dentro da comunidade en xeral polo traballo que facemos?	
	Actitudes	Estou contento coa miña propia práctica docente para que sexa usada como un exemplo ao pensar no seu propio desenvolvemento como docente? Estou disposto a colaborar cos compañeiros/as para axudar á nosa cultura profesional existente a crecer en resposta aos novos desafíos?		Acepto a importancia de comprometerme cos alumnos para axudalos a desenvolver actitudes, coñecementos e habilidades para a aprendizaxe continua? Estou disposto a porfome ao servizo da comunidade educativa con entusiasmo e actitude de crítica construtiva?			